

A Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga: 1989-1999, dez anos de historia (*)

Felipe Arias Vilas - Enrique J. Montenegro Rúa

(*) Unha parte deste artigo constituíu en orixe (aínda que non fose publicada en letra impresa), unha Comunicación presentada na Xornada Técnica de Museos organizada polo Consello Galego de Museos sobre o tema 'O presente e o porvir das asociacións de amigos dos museos', e celebrada no Museo da Limia (Vilar de Santos, Ourense) en abril de 1999.

Constitución, fins e obxectivos

A Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga constituíuse o 25 de febreiro de 1989. Pasaron, pois, dez anos nos que se veu intentando cumprir, do xeito máis cabal posible, os obxectivos establecidos naquel momento da súa fundación e que convén resumir e lembrar, conforme ós Estatutos aprobados daquela:

1º.- Potenciación dos vínculos de amizade e de colaboración co Museo, así como apoio nas tarefas de acopio, conservación, investigación, documentación, difusión e protección do Patrimonio arqueolóxico, especialmente do relacionado co Castro de Viladonga pero, tamén, do Patrimonio Cultural en xeral.

2º.- Fomento das relacións con asociacións similares, con outros museos (en particular pero non exclusivamente de Galicia) e, en fin, con todo tipo de entidades culturais.

3º.- Organización ou colaboración na realización de cursos e conferencias, exposicións, viaxes e visitas culturais, así como calquera outra actividade de carácter científico e/ou de difusión cultural.

4º.- Edición de publicacións, periódicas ou eventuais, relacionadas cos obxectivos da Asociación, fundamentalmente os de difusión cultural e de divulgación científica.



5º.- Adquisición ou consecución de posibles doazóns ou depósitos de obxectos de interese cultural, sendo conscientes de que, polo propio carácter do Museo (monográfico dun xacemento arqueolóxico), non habería de ser este o labor máis habitual, polo que se fai máis fincapé en xestionar a doazón, depósito ou adquisición de todo tipo de material de utilidade científica, didáctica ou divulgativa, con valor documental, bibliográfico ou de acción cultural para o Museo do Castro de Viladonga.

Para a súa pertinente legalización, a Asociación acolleuse á normativa vixente naquel momento, inscribíndose no "Registro Provincial de Asociaciones del Ministerio del Interior" o 7 de marzo de 1989 e no Censo de Asociacións e Entidades Culturais da Consellería de Cultura da

Xunta de Galicia o 14 de xuño do mesmo ano.

En 1990, a Asociación acordou integrarse na Federación Española de Amigos de los Museos (FEAM), co fin de poder contribuir na realización dunha eficaz e proveitosa labor a prol do Patrimonio Cultural en xeral e museístico en particular; por medio dunha mutua colaboración, comunicación e intercambio (despois da, entón, Asociación de Amigos do Museo de San Antón da Coruña, a do Castro de Viladonga foi a segunda en Galicia en formar parte da FEAM).

Os socios

Dos 25 socios fundadores (en febreiro de 1989) pasouse a contar con 170 ó cabo de algo máis de dez anos (en data 20 de novembro de 1999). Pero máis có número, é importante

destacar a moi diversa procedencia e extracción social e cultural dos seus asociados; trátase dunha asociación composta de xeito moi diversificado, sobre todo tendo en conta o seu carácter específico e, desde logo e polos datos que nós coñecemos, se a comparamos coa composición doutras asociacións similares. As actividades profesionais dos seus membros van desde docentes (de calquera nivel educativo, desde ao universitario ó ensino primario) a hosteleiros, pasando por agricultores e gandeiros, xestores e administrativos, funcionarios, estudantes, xubilados (á súa vez de varias profesións), etc. Igualmente, poderíanse salienta os distintos grupos de idades, así como a procedencia e lugar de residencia, o cal se pode ver nos tres gráficos que se acompañan.


Os Estatutos diferencian tres tipos de socios:

Os Socios Fundadores, que son os vintecinco que subscribiron a Acta de constitución da Asoación en febreiro de 1989.


Os Socios Numerarios, que son as persoas físicas ou xurídicas que solicitaron ou solicitan o seu ingreso con posterioridade a aquela data (propostos por dous membros xa efectivos).

Os Socios de Honra, nomeamento que recae naquelas persoas ou entidades que se fan merecentes de tal distinción pola súa significación e polas súas accións en favor do Museo e/ou do Castro de Viladonga ou da propia Asociación de Amigos.


**Amigos Museo Castro Viladonga
PROVINCIA DE LUGO**



**Amigos Museo Castro Viladonga
COMUNIDADE AUTÓNOMA**



**Amigos Museo Castro Viladonga
Localidade de residencia**



Non obstante, a diferenciación entre os dous primeiros grupos podería considerarse só formal e simbólica, pois todos os socios veñen a ter idénticas obrigas e dereitos, segundo os Estatutos, que só fan a excepción dos membros de honra en canto que estes, ademais da súa significación representativa, están exentos do pago de cuotas.

En 1990 aceptaron o nomeamento de Socios de Honra tres institucións que destacaron na promoción do Castro e do Museo e no pulo da propia Asociación, tanto nos seus inicios como nas súas respectivas traxectorias posteriores: a Fundación Pedro Barrié de la Maza, o Museo do Pobo Galego e o Concello de Castro de Rei (no que está situado Viladonga). En marzo de 1999 foi nomeado Socio e Presidente de Honra don Emilio Sinde Nieto, que fora Alcalde de Castro de Rei cando se iniciaron os traballos arqueolóxicos no Castro e que posteriormente se distinguiu sempre en accións e xestións, non só en favor da Asociación, do Castro e do Museo de Viladonga, senón tamén na constante defensa e promoción de todos os aspectos culturais relacionados co concello de Castro de Rei e, en xeral, con toda a Terra Chá.

Actividades

Como xa se apuntaba antes, a diferenza doutras entidades similares e dado o carácter do Museo, esta Asociación de Amigos non se dedica (alomenos, non maiormente como fan outras), a tarefas de adquisición de fondos ou pezas para incrementar as coleccións en exposición (nin en alma-

céns de reserva), posto que é presumible que a inmensa maioría dos obxectos ingresen no Museo a través de escavación arqueolóxica autorizada, a non ser algúns achados casuais da comarca que si ingresaron ou poden ingresar no centro por doazón ou depósito de socios ou colaboradores deste.

En cambio, e a maiores da participación da Asociación en cuestións puntuais de dotación e funcionamento do Museo (quen hai que ter moi en conta e á parte da informática, como logo se dirá), un apartado moi importante das tarefas de colaboración da Asociación foi sempre a obtención de fondos bibliográficos para a Biblioteca do Museo, plasmado a través de tres vías fundamentais:

- a compra de publicacións ou series xerais ou específicas, como a Gran Enciclopedia Gallega, unha edición facsimil dos Arquivos do Seminario de Estudos Galegos (1923-1929), etc.

- as doazóns por parte dos socios, entre os que cómpre citar Emilio Sinde, Julio Reboredo, Francisco Calo, Fernando Acuña, etc.

- os intercambios, establecidos con outros museos así como con universidades e institutos de investigación, asociacións, organismos públicos, etc., para o cal xoga un importantísimo papel (e nunca mellor dito) a edición de *CROA*, Boletín anual de información científica e difusión cultural desta Asociación. Este é un dos piares nos que se asenta o labor de difusión e divulgación, coa que promociona, se apoia e se proxecta o traballo científico, cultural e didáctico do Museo cara ó exterior, potenciando o coñecemen-

todo Castro de Viladonga e, ó tempo, espallando o interese arqueolóxico e histórico del e do seu contorno, sen esquecer a defensa da grande riqueza patrimonial da súa comarca e, en xeral, de toda Galicia.

Con esta publicación, que se distribúe gratuitamente entre os socios, que se intercambia con outras similares como xa queda dito, e que se vende ó público (a prezo de custo) na Recepción do Museo, o que se pretende é ofrecer información a unha sociedade cada vez máis interesada (sempre dentro dos parámetros relativos...) en coñecer e conservar este Patrimonio Cultural. Este crecente interese queda demostrado coa continua chegada e apoio de novos socios que participan e colaboran coas iniciativas e cos fins da Asociación.

Excepto contadas excepcións, que son moi de agradecer e que agardamos aumenten, a grande maioría dos artigos publicados en *CROA* foron realizados e aportados directamente por membros da Asociación.

En canto ó seu contido, o gráfico que aquí se inclúe mostra os temas tratados no conxunto dos oito números publicados ata agora (1991-1998), cunha especial presenza de todo o relacionado coa propia Asociación e co Castro de Viladonga (arqueoloxía) e co Museo (xeral e didáctica), así como de aspectos etnográficos e dos relativos a outros museos. Neste último apartado, ideado para difundir aquelas coleccións ou incluso museos menos coñecidos de Galicia, apareceron centros con fondos arqueolóxicos coma o Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Lalba ou o comarcal da Terra de

Melide (tamén etnográfico), eclesiásticos coma os de Arte Sacra da Colexiata da Coruña ou o Diocesano de Lugo, histórico-artístico coma o de Sargadelos ou, en fin, etnolóxicos-etnográficos coma o de Ribadavia, o de Olimpio Liste de Oseira, o da Limia en Vilar de Santos ou a Colección escolar Monte Caxado das Pontes de García Rodríguez.

Contando coa colaboración do persoal do Museo e (no caso de reproducións de pezas coa autorización correspondente -de data 30-3-1995- do Ministerio de Cultura, como titular dos fondos arqueolóxicos), a Asociación puido plantexarse a posibilidade de dispoñer, para a súa venda ó público ou para a súa distribución non venal, dun material de difusión cultural moi diverso: desde as primeiras postais ou series de diapositivas ata "pegatinas", calendarios, marcalibros ou lápices, pasando por reproducións de olas cerámicas, "pins" de bronce ou chaveiros, a Asociación utilizou temas, motivos e pezas do Museo (ademais dos seus propios logotipos) para unha máis ampla a promoción e divulgación do interese histórico e patrimonial do Castro de Viladonga.


Este material foi (e aínda vai) requirindo actualizacións e reposicións diante da demanda do público e dos propios asociados; así, houbo que reeditar as diapositivas, facer varios tipos de olas castrexas, renovar o modelo de chaveiros (primeiro co anagrama da Asociación e agora coa réplica, a menor escala, dun pasarrendas de bronce atopado no Castro), encargar novas tiradas dos "pins", etc.

A realización e venda de repro-

duccións e réplicas de pezas do Museo, hoxe tan frecuente en todos os centros desta clase, coa aplicación incluso dos grandes sistemas de venda por catálogo, foi concebida nesta Asociación como un medio enormemente útil e positivo desde o punto de vista da difusión cultural, pero hai que salientar que sempre se fuxiu, por un lado, do fomento de calquera fetichismo dos obxectos e pezas valiosas, e por outro, do puro mercantilismo especulador que pode deturpar esta actividade (vid. R. Varela Puga, en *Boletín de la F.E.A.M.* n.º 3, Diciembre 1994, s.p.). Por eso, todo este material da Asociación comercialízase unicamente na entrada do Museo, co fin de evitar a entrada en disputados circuitos comer-

ciais e de intermediarios, e para escapar da manipulación excesiva das distintas pezas reproducidas por parte de axentes varios alleos ás tarefas de promoción e difusión cultural.

Outra actividade que, desde o mesmo momento da súa fundación, tivo grande éxito na Asociación foi a organización e realización de viaxes, en xornadas de lecer e cultura que permiten compartir convivencias e aumentar coñecementos e experiencias de todo tipo, pois naquelas viaxes téntase conxugar perfectamente o estudo e a "aprehensión" dun ricaz patrimonio arqueolóxico, artístico, etnográfico ou, o cabo, histórico, coa diversión, o lecer e mesmo os coñecementos gastronómicos en moitos lugares de Galicia, do



resto da Península Ibérica.

Para unha mellor asimilación da información, en cada viaxe se facilitou sempre un breve dossier con documentación dos diferentes puntos de interés a visitar ou utilizar. Estas excursións adoitan ser dun só día de duración, se ben unha ou dúas veces por ano tamén se programan viaxes de dous ou tres días; a este respecto, convén lembrar a estrutura social e a composición da Asociación, na que unha maioría dos socios son persoas en situación laboral activa e con variadas obrigas profesionais, con moi poucos membros xubilados ou desocupados (fronte a outras entidades ou asociacións similares que tamén fan este tipo de viaxes).

Como exemplo do dito, pódense citar as viaxes realizadas á Serra do Caurel e As Médulas, ó Occidente asturiano (Grandas, Oscos, Coaña e Mohías...), a Samos e O Incio, a Coimbra e Conimbriga, a León, Oviedo e Xixón (co gallo da Exposición 'Astures'), á Ribeira Sagrada do Sil, a S. Andrés de Teixido e Bares, a Celanova, Bande e Allariz, á Meseta Norte (Segovia, Tiermes, Clunia, Valladolid...). ó Baixo Miño (Oia, Tui, Valença...), ó Norte de Portugal (Braga, Briteiros, Guimarães, Chaves...), etc.

Algunhas veces (como por exemplo unha viaxe pola Terra Chá) fíxose de xeito compartido co Clube Cultural Valle-Inclán de Lugo, activísima asociación coa que tamén se colaborou noutros actos como a celebración das Letras Galegas de 1996 (dedicadas a Xesús Ferro Couselo), ademais de manter con ela un contínuo intercambio e comunicación a prol da promoción de actividades culturais centradas

no ámbito lucense e galego.

Tamén hai que resaltar a boa relación existente coa Asociación de Amigos da Feira de Castro de Rei, empeñada en promocionar e revitalizar esta vila histórica e a súa comarca, dados os numerosos e variados recursos naturais, patrimoniais e turísticos que ofrece. A colaboración veuse plasmada fundamentalmente na difusión da Ruta do Azúmara, camiño de sendeirismo que discorre entre o Castro de Viladonga e a capital do Concello a través do Monte Cordal e do val do río Azúmara, tanto nesta mesma revista (véxase o artigo de L. Diéguez en Croa, 8, 1998, p.33-35) como na páxina Web da Asociación, onde aquela Ruta conta cun apartado propio).

Por último pero, desde logo, non con menor importancia dentro do apartado de Actividades, hai que facer mención da estreita e habitual colaboración que sempre existiu entre a Asociación e o Museo que a motivou e a motiva, algo que convén destacar por canto é sabido que non sempre se produce unha sintonía axeitada entre ambas partes.

Ademais do xa citado en apartados anteriores, cómpre recoller aquí, a xeito de exemplo, as actividades celebradas en 1996 e dirixidas a conmemorar os 25 anos do inicio dos traballos arqueolóxicos no Castro de Viladonga e os 10 da posta en marcha do seu Museo. Con tal motivo, a Asociación puxo no xardín de entrada do Museo un monolito cunha placa en homenaxe a Manuel Chamoso Lamas e Ramón Falcón Rodríguez, promotores no seu día daqueles traballos e da creación do Museo, e ademais colaborou na

preparación e montaxe da Exposición conmemorativa daquela efeméride, mostra que logo itinerou por toda Galicia e que tivo gran éxito alí onde foi exhibida.

Igualmente e facéndoa coincidir co Día Mundial dos Museos de 1998 (celebración habitual nestes centros en torno ó 18 de maio), tratouse de desenvolver, coa conferencia-coloquio sobre os traballos arqueolóxicos realizados no Castro en 1996 (a última campaña de escavacións feita ata agora no xacemento), unha tarefa divulgativa nun tema pouco tratado entre o gran público como é o método e resultados dunha escavación arqueolóxica e o seu reflexo nas instalacións museísticas. De xeito semellante, en 1999, co gallo da Exposición 'Arqueoloxía lucense desde o aire', a Asociación colaborou na realización dun ciclo de conferencias e mesa redonda sobre o mesmo tema.

O Castro de Viladonga en Internet

Nestes dous últimos anos, a Asociación considerou oportuno apostar a fondo pola utilización das novas tecnoloxías para coadxuvar nos labores de difusión e promoción do Castro e Museo de Viladonga (neste apartado, resumimos o exposto en: F. Arias Vilas - E. Montenegro Rúa: "O Castro de Viladonga en Internet: obxectivos resultados", *Actas III Xornadas ANABAD-Galicia*, Ferrol 1999, p.445-452).

Coa adquisición do material informático preciso e contando tamén coa infraestrutura do Museo neste aspecto, contratáronse os servizos de conexión a Internet (inicialmente por medio do servidor RedesTb), acome-

tendo xa de seguida a elaboración, con medios propios, dunha páxina Web estruturada en varios apartados, que servise para dar a coñecer neste ámbito o Castro, o Museo e a propia Asociación de Amigos. O obxectivo fundamental era achegarse a un público de calquera procedencia e situación, conscientes do auxe que día a día acadaba este medio de comunicación electrónico, promovendo así o seu coñecemento e, por suposto, a súa posible visita, ademais de facilitar tamén, se fose o caso, a utilización dos servicios e actividades da Asociación.

Moi logo, vistos os bos resultados que, de xeito case inmediato, se conseguiron (hai que ter en conta que nos adentrabamos nun mundo novo, relativamente descoñecido e onde as coordenadas espacio-temporais se moven a unha velocidade vertixinosa), estimouse factible ampliar aqueles obxectivos primixenios de difusión e divulgación cultural, tentando cubrir outros de carácter máis especializado e científico. Así, elaborouse unha publicación electrónica de tema castrexo (de época prerromana e galaico-romana), denominada precisamente *e-Castrexo*, que servise de intercambio de informacións e coñecementos sobre esta longa etapa histórica galega; en principio, optouse por recoller os artigos relacionados co Castro de Viladonga e publicados no Boletín *CROA*, pero, de seguida, o ámbito abriuse tamén a outras aportacións e áreas da Cultura Castrexa no seu conxunto, ademais de ofrecer enlaces con outros sitios Web do mesmo tema e interese.

Os resultados obtidos ata agora son tan positivos que están esixindo

continuamente á Asociación a actualización, ampliación e mellora desta oferta cultural a través dos medios internautas. Se a páxina Web pasa xa das 10.000 visitas desde todas as partes do mundo (literalmente) a teor dos servicios de estatísticas contratados, a publicación *e-Castrexo*, aínda que aparecida despois, non se queda moi atrás. Todo isto, para un Museo de sitio arqueolóxico e unha Asociación de Amigos non pertencentes ó medio e contorno urbano, resultan unhas cifras e uns resultados moi salientables e, e velaí o máis importante, reflíctense na divulgación, no coñecemento e na utilización deste conxunto patrimonial de Viladonga.

O resume final destes dez anos da Asociación ten, xa que logo, un marcado carácter positivo, froito do traballo e do apoio dos socios e, tamén é xusto destacalo, da perfecta colaboración entre ela e o Museo que no seu día a motivou. Pero aínda queda por facer moito camiño, pois as metas non están fixas e inmóviles, senón que se desprazan como a xeito de reto para as dúas entidades (A Asociación e o propio Museo), posto que a cultura, como a investigación ou a educación, non teñen (ou non deberan ter) teito coñecido.